



TULAREMIA

A tularemia é unha enfermidade infecciosa dos animais silvestres e dos vertebrados en xeral, que, en determinadas circunstancias, se pode transmitir ás persoas (zoonose). Afecta, fundamentalmente, as lebres e os coellos silvestres, ratas, ratos de campo e, en menor medida, a outros animais coma o corzo, xabaril, caranguexos de río, etc. As carrachas, tabáns e pulgas tamén poden transmitir a enfermidade.

Distribución da enfermidade

A tularemia está presente en varias partes do mundo, sendo frecuente en Norteamérica e en certas zonas de Europa. En España están a darse varios casos en Castilla-León.

A subespecie que se adoita atopar en Europa é responsable de formas da enfermidade menos graves que a que se atopa en América do Norte.

¿Que síntomas produce nos animais?

Os animais máis sensibles á enfermidade morren. En ocasións poden presentarse animais enfermos ou moribundos que manifestan un comportamento anómalo, con dificultade para fuxir e moverse axeitadamente, debilidade e úlceras, que fan sospeitar da enfermidade.

EN ESPAÑA ESTÁN A DARSE VARIOS CASOS EN CASTILLA-LEÓN



¿Que síntomas produce nas persoas?

Dende que a enfermidade se contaxia ata que aparecen os primeiros síntomas pasan habitualmente de 3 a 5 días, e sempre menos de 15. Os síntomas dependen da vía de contaxio.

É frecuente que a enfermidade comece por febre elevada de aparición brusca, inflamación dos ganglios e lesións da pel e mucosas. Son moi suxestivas lesións pustulosas nas zonas de contacto coas lebres ou coellos, como os dedos das mans. É máis rara a presentación intestinal, con dor abdominal, vómitos e diarrea tras a inxestión de carne contaminada pouco cociñada.

Aínda máis raras son as formas pulmonar (pleuropulmonía) e a tifóidica (febre sen outros síntomas), debidas á inhalación de partículas contaminadas co microorganismo.

¿Como se contaxia?

Principalmente, e sobre todo entre os cazadores e os seus familiares, por:

- Contacto directo con animais enfermos, fundamentalmente a través da pel.
- A través da conxuntiva do ollo e as mucosas da boca e do nariz por salpicaduras, con menor frecuencia.
- Por consumo de carne pouco cociñada de animais infectados.

Outras vías de contaxio moito máis raras son:

- Contacto con auga, terra ou herba contaminadas polos seus ouriños ou as feces de animais enfermos.
- Inxestión de auga contaminada por animais mortos ou pola súa urina ou feces.
- Por picadura de carrachas, mosquitos, tabáns, etc., que actúan como transmisores da enfermidade entre animais enfermos e o home e outros animais.
- Por inhalación de partículas no aire (po de forraxas, terra, grao, etc.) contaminadas polas feces de animais enfermos.



NON SE PRODUCE TRANSMISIÓN DUNHA PERSOA A OUTRA

¿Ten tratamento?

A tularemia diagnosticada a tempo nunha persoa pode ser curada completamente mediante un tratamento axeitado.

En caso de padecer algún dos síntomas descritos anteriormente acuda ao seu médico e indíquelle a súa preocupación respecto a esta enfermidade.

¿Que facer para evitar o contaxio?

Conduta que se debe seguir na caza

- Evite cazar onde se coñeza que apareceron animais afectados. Pregúntelles ás autoridades competentes polas zonas libres do problema.
- Evite o contacto con animais mortos, enfermos ou cun comportamento anómalo ou estraño.
- Se detecta animais cun comportamento estraño antes de cazalos, ou se observa úlceras na pel ou outras lesións tras a súa caza, pónase rapidamente en contacto cos responsables de caza e sanidade animal (teléfonos na parte posterior) que o informarán sobre as precaucións axeitadas para a súa manipulación e traslado (uso de luvas dun só uso e dobre bolsa de plástico) e serán os que se ocupen de que se realicen, o máis axiña posible, as análises correspondentes.

■ Se mentres está a cazar atopa lebres ou coellos mortos, comuníquello rapidamente aos responsables de caza e sanidade animal (teléfonos na parte posterior).

DIAGNOSTICADA A TEMPO NUNHA PERSOA PODE SER CURADA COMPLETAMENTE

■ Transporte as pezas cobradas protexidas cunha bolsa de plástico, para evitar que vostede ou os seus cans teñan contacto con elas.

■ Non deixe que os cans de caza coman a carne de animais que atopen mortos no campo, nin a de lebres ou coellos cazados, xa que eles tamén se poden contaxiar da enfermidade.

- Use roupas protectoras e produtos repelentes para evitar a picadura de insectos e carrachas.
- Evite inxerir auga que non estea controlada sanitariamente.
- Protéxase das nubes de po en lugares onde abunden lebres, coellos silvestres, ratos de campo, etc.

Conduta que se debe seguir na manipulación de lebres e coellos procedentes da caza

- Use sempre luvas dun só uso para manipular e esfolar os animais, evite as salpicaduras e tome as medidas precisas para evitar a inhalación de partículas procedentes do animal.
- Consuma a carne procedente dos animais silvestres perfectamente cociñada, **–polo menos tela máis de 10 minutos a 80°C–**, aínda despois de conxelala.
- Non permita que os nenos toquen animais mortos.
- **Importante:** a conxelación non destrúe o microorganismo responsable da tularemia, polo que, unha vez desconxelada, esta carne pode transmitir a enfermidade.

¿Que debo facer se creo que teño tularemia?

No caso de que vostede amose síntomas sospeitosos da enfermidade (febre, inchazón de ganglios, úlceras na pel, etc.) pónase en contacto co seu médico e infórmeo da súa preocupación.



INFORMACIÓN SOBRE SANIDADE ANIMAL

Consellería do Medio Rural
Dirección Xeral de Producción, Industrias
e Calidade Agroalimentaria

Servizos Provinciais de Gandaría

A Coruña: **981 184 565** (xefe de área)

Lugo: **982 294 534**

Ourense: **988 386 517** (xefe de área)

Pontevedra: **986 860 890**

INFORMACIÓN SOBRE SAÚDE PÚBLICA

Consellería de Sanidade
Dirección Xeral de Saúde Pública

Servizos Provinciais de Promoción da Saúde

A Coruña: **981 185 888**

Lugo: **982 294 114**

Ourense: **988 386 339**

Pontevedra: **986 805 872**

INFORMACIÓN SOBRE A CAZA

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Servizos Provinciais de Conservación da Natureza

A Coruña: **981 185 905**

Lugo: **982 294 524**

Ourense: **988 386 503**

Pontevedra: **986 805 438**

